

Núm. 237/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Asunto: *Adxudicación provisional do contrato de explotación de servizo de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade.*

ANTECEDENTES

1º) Por Resolución de Alcaldía de data 21 de xuño de 2010 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de explotación de servizo de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade, por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urgente, así como se procedeu a autorizar o gasto do servizo referido.

2º) Cursadas invitacións para participar no procedemento ás persoas: D. Luis Rodriguez Lains, D. Francisco Javier Corral Amoedo e D. Antonio Alonso Cima, soamente presentou proposta D. Luis Rodriguez Lains.

3º) Consta no expediente informe de Secretaría-Intervención que é favorable á adxudicación do contrato de “Explotación de servizo de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade” a D. Luis Rodriguez Lains.

Tendo en conta os aspectos de negociación, examinada a documentación que acompañan á proposta presentada, de acordo con estas e de conformidade co establecido no artigo 135.3, e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Declarar a validez da licitación efectuada.

SEGUNDO Adxudicar provisionalmente o contrato de “Explotación de servizo de cafetería no Centro Social de Maiores de Arcade” a D. Luis Rodriguez Lains, con suxeición estricta ós Pregos de Cláusulas Administrativas e Técnicas, por sela única oferta presentada.

TERCEIRO. Notificarlle ó adxudicatario a presente resolución e tal como establece o art. 135.4 da Lei de Contratos do Sector Público, requirirlle para que no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das

súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como que constitúa a garantía definitiva de 600 €, de acordo ó establecido na Cláusula 12.1º do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

CUARTO. Esta adxudicación provisional elevarase, si é o caso, a definitiva unha vez transcorridos 10 días hábiles a partir do día seguinte a aquel no se publique a adxudicación no perfil do contratante.

Soutomaior, 6 de xullo de 2010

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,